


## SOBRENOMES EN DOCUMENTOS BETANCEIROS DOS SÉCULOS XII-XVI

Paula Bouzas Rosende

### 0. Introducción

Con este pequeno traballo pretendemos achegarnos ó estudo dos sobrenomes medievais a partir da análise dunha serie de documentos betanceiros. Son un total de catorce documentos datados entre os séculos XII e XVI (dous do XII, tres do XIII, cinco do XV e catro do XVI), dos cales tiramos un total de 361 cadeas onomásticas diferentes. Por *sobrenome* entendemos aquelas formas que aparecen tralo nome propio e que non proceden do nome do proxenitor (ou patronímico), isto é, alcumes e topónimos. Ambos tipos de sobrenome foron en orixe individualizadores, facían referencia a un feito ou característica que identificaba o individuo ó cal se lle atribuían.

Con todo, non imos ocuparnos de tódolos sobrenomes rexistrados, senón daqueles que aparecen inmediatamente despois do nome propio, ocupando un lugar relevante na cadea e desprazando o patronímico (que é o tipo de segundo nome máis frecuente no *corpus*). O seguinte gráfico reproduce as porcentaxes de cadeas relacionando a clase de segundo nome que presentan e o século ó que pertence o documento:



Paula Bouzas Rosende

A pesar de que os documentos non poden amosa-la evolución dos diferentes tipos de formas nas cadeas, si permiten apuntar certa tendencia: os patronímicos van pouco a pouco cedéndolle terreo ós sobrenomes na designación dos individuos. Na nosa pequena achega, tentaremos achegarnos ás diferentes formas que aparecen nos textos e dar conta do seu comportamento no sistema antroponímico.

### I. Sobrenomes de orixe detoponímica

Os topónimos, en principio, aparecen na cadea onomástica para indica-la orixe do individuo, o seu lugar de residencia ou o lugar onde desempeña un cargo ou, no caso da nobreza, ten o señorío.

No que se refire as formas detoponímicas que aparecen como segundo nome nos nosos textos, a maior parte fan referencia a parroquias e lugares da antiga provincia de Betanzos (constituída polo ano 1480). Entre as parroquias están *Bergondo* (hoxe concello), *Vids e Leiro* (Abegondo), *Mandaio* (Cesuras), *Cis* (Oza dos Ríos) e *Lamas* (San Sadurniño):

*Recendus de Burgundio* (1138; Dav, p.99).  
*Petrus de Cinis* (1145; Dav, p.101).  
*Miguel de Viones* (1262; Maia 42).  
*Roy de Leyro* (1452; Guev, doc. 1).  
*Garçia de Cesuras* (1493; Oro88, doc.2).  
*Juan de Mandayo* (1548; Vales).

Entre os lugares atopamos como segundos nomes *O Regueiro*, *Nogueira*, *Vilanova* (Abegondo), *Quintá e Cesuras* (Cesuras), *Loureiros* (Coirós), *Medln* (Oza), *Cela e Carballido* (Irixoa), *Nelle e Vacariza* (Narón).

*Garçia de Nelle* (1459; Oro87, doc. 3).  
*Juan de Loreiros* (1493; Oro88, doc. 2).  
*Elbira do Rogueiro* (1564; Lores).

Tamén hai algúns exemplos (anteriores a 1480) de lugares do actual concello de Cambre: *Lendoiro e Andeiro*.

*Juan Dandeyro* (1453; Guev, doc 2).  
*Pero de Lendoyro* (1459; Oro87, doc 3).

Moitos lugares reciben nomes xenéricos (accidentes xeográficos ou construcións humanas) que son frecuentes por todo o territorio galego e polo tanto, na antroponimia: *Castro*, *Ponte*, *Penedo*, *Souto*, *Ermida*, *Veiga*, *Piñeiro*, *Nogueira*.

*Geronimo de Souto clerigo* (1452; Guev, doc 1).  
*Afonso da Ueyga / Afonso da Vega* (1452; Guev, doc. 1).

*Sobrenomes en documentos betanceiros dos séculos XII-XVI*

---

*Roy do Coto* (1459; Oro87, doc 3).  
*Fernando de Hermida* (1493; Oro88, doc 2).  
*Elbira de Cela* (1564; Lores).

Son abondosos os segundos nomes que teñen orixe en señoríos e que cedo pasaron a ser adoptados pola nobreza e a fidalguta como marca da familia: *Figueroa*, *Andrade*, *Vilamarín*, *Lemos* ou *Lanzós*. As casas lucenses estableceron lazos familiares con familias da comarca (os *Figueroa*, por exemplo) e, por iso, é frecuente que aparezan nos documentos formas detoponímicas da provincia de Lugo: *Cervantes*, *Baamonde*, *Lastres*, *Pallares* ou *Ulloa*. Moitas destas formas fan referencia a individuos que pertencen ó entorno dalgún dos membros da casa:

*Maria de Ulloa (serventa de Lopo Nuñez Pardo)* (1452; Guev, doc 1).  
*Pedro Lastres vezino das Figueiras criado de Ares Pardo* (1564; Lores).  
*Juan de Serbantes* (1564; Lores).

Aparecen así mesmo topónimos doutras comarcas, sobre todo, con relación á clérigos ou notarios, que posiblemente teñen ó seu cargo varias xurisdicións e non son nativos de Betanzos: *Cardama* (Ordes), *Monteagudo* (Arteixo), *Rendal* (Arzúa).

*Sancho de Cardama notario de Santiago* (1467; Lucas).  
*Jacome de Rendal clérigo* (1467; Lucas).  
*Antonio Monteagudo aluazil mayor* (1552; Oro88, doc 3).

Dentro do grupo dos segundos nomes de orixe detoponímica, témo-los haxio-gráficos:

*Alvaro Sanjurjo vecino de Parga* (1501; Guev, doc 6).  
*Juan de Sangiao* (1552; Oro88, doc 3).

Hai varios lugares co nome destes santos. *San Xurxo*, como topónimo, é abondoso na provincia de Lugo (Xermade, Chantada, etc.). Pola súa banda, *San Xiao* aparece na zona de Ferrol (Valdoviño e Moeche).

Só nun caso atopamos un topónimo de fóra de Galicia:

*bachiller Bonifacio de Toledo, theniente justiça* (1493, Oro88, doc 2).

Parece que os topónimos se foron afianzando na cadea onomástica ata converterense en elementos fixos. A evolución foi a seguinte:

1. Prenome + 2º nome + deTOP.
2. Prenome + deTOP.
3. Prenome + TOP.

Paula Bouzas Rosende

No primeiro caso, o topónimo era diferenciador (diferenciaba dous individuos ou caracterizaba o individuo mencionando o seu lugar de orixe ou de residencia). No segundo caso actúa xa como segundo nome fixándose na cadea. No terceiro caso perde toda connotación de procedencia, e polo tanto, a preposición desaparece.

Non se pode apreciar nos textos unha evolución lineal. As secuencias con preposición aparecen nos documentos galegos a partir do século X, pero o seu uso non para de aumentar ata o XIII. Nos nosos documentos son maioritarias mesmo no XVI. O que si podemos apreciar é unha mudanza na súa distribución dentro da cadea entre os séculos XII e XV. Mentres que no XIII, o topónimo tende a aparecer na terceira posición, tras un patronímico ou un alcume, no XV faíno en segundo lugar, desprazando outras formas:

	2º lugar da cadea (nº de casos)	3º lugar da cadea (nº de casos)
séc. XIII	2	15
séc. XV	36	9

As secuencias sen preposición, que aparecen nos documentos galegos contra o século XI, son claramente minoritarias<sup>1</sup>. De feito, só atopamos algún exemplo no século XVI (7 formas das 35 que aparecen en segundo lugar dentro da cadea): *Fraga*, *Monteagudo*, *Pena*, *Piñeiro*, *Sanxurxo*, *Varela* e *Noguerol*.

*licenciado Pena medico* (1548; Vales).

*Antonio Monteagudo aluazil mayor* (1552; Oro 1988, doc 3).

*bachiller Fraga* (1564; Lores).

*Gomez Piñeiro sastre* (1564; Lores).

## II. Sobrenomes procedentes de alcumes

### II.1. Clasificación semántica e análise das formas

As alcuñas constan dun lexema, teñen significado léxico, e non hai arbitrariedade na súa atribución. É difícil atinar coa motivación (entran en xogo factores subxectivos que funcionan na comunidade), pero é posible facer unha clasificación semántica: 1) calidades físicas ou psíquicas, 2) situación social e profesión, 3) animais, 4) vexetais, 5) obxectos da vida cotiá e 6) outros.

Nos nosos documentos podemos atopar exemplos de tódolos grupos, aínda que o máis numeroso é o que fai referencia á profesión ou situación social. A maior parte das veces ten carácter informativo e non individualizador, aínda que moitas destas formas pasaron a ser xa moi cedo empregadas como segundo nome en substitución do patronímico. Estas formas que aparecen en segundo lugar (13 en total) son as que imos tratar máis polo miúdo:

*Sobrenomes en documentos betanceiros dos séculos XII-XVI*

- Celano.** *Lope Celano carniçero* (1493; Oro88, doc 2). Vén do latín CELANU 'o que vixía, o que na caza coloca os cepos'.
- Cordeira.** *Aldonça Cordera vezina de Figueroa* (1564; Lores). A base está no latín CHORDA 'cordel, soga' e o substantivo aplícase a aquel que fabrica este tipo de obxecto.
- Cubeiro.** *Roi Cubeiro* (1459; Oro87, doc 3). A base é a palabra *cuba*, do latín CUPA. O substantivo fai referencia ó oficio daquel que as fabrica ou as vende.
- Escudeiro.** *Affonso Escudeiro de Fians* (1459; id.), *Affonso Escudeiro Garçia* (1459; Oro87, doc 4). Vén de *escudo* (< lat. SCUTU) e refírese ó 'fidalgo de categoría inferior, que acompaña a un cabaleiro'.
- Ferreiro.** *Roy Ferreiro* (1452; Guev, doc 1), *Affonso Ferreiro* (1459; Oro87, doc 3). Vén do latín FERRARIUS, que á súa vez deriva de FERRU. A frecuencia deste apelido, que se atopa en tódalas linguas románicas, indica a importancia desta profesión na sociedade medieval.
- Freire.** *Rodrigo Freire de Andrade* (1564; Lores), *Jº Freire de Lanços* (1564; id.). A orixe da forma está no latín FRATRE 'irmán', que foi desprazada por GERMANU nesta acepción e sobreviviu como *frade* 'eclesiástico, membro dunha orde relixiosa'. Co mesmo significado, a forma *freire* penetrou no galego de novo a través do occitano, logo do establecemento da orde de Cluny.
- Labrador.** *Lazaro Labrador* (1548; Vales). É derivado do verbo LABORARE 'traballar'. Refírese á persoa que se adica ós traballos agrícolas.

Con respecto á situación social témo-los seguintes casos:

- Casado.** *Affonso Casado* (1459; Oro87, doc 3). É o participio de verbo *casar*, relacionado á súa vez con *casa*.
- Castelao.** *Martin Castellao* (1265; Maia 45). É unha forma ambigua, xa que pode facer referencia tanto ó morador do castelo, coma ó étnico correspondente ó topónimo *Castela* (con respecto a isto, debemos ter en conta a existencia dun arceprelado así chamado na provincia de Ourense).
- Conde.** *Gonçalo Conde escripuano* (1467; Lucas). A orixe da forma está no lat. COMITE, que orixinariamente facía referencia ó 'compañeiro na batalla' e que posteriormente pasou a designar un título feudal. Aplicouse non só ós que posuían o título, senón tamén a aqueles que traballaban para o conde, que pertencían ó seu círculo, ou que eran fillos ilegítimos. Non se descarta tampouco unha motivación irónica; a mesma que se rexistra na lingua falada con formas como *marqués* ou *barón*.
- Cortes ou Cortés.** *Antonio Cortes escripuano* (1548; Vales). O étimo é o lat. COHORTE 'patio'. A forma galega *corte* pode referirse tanto á corte do gando, coma á corte real. Se temos en conta esta última acepción, o alcume faría referencia á persoa pertencente ó contorno do rei e presentaría forma aguda (*cortés*, como adxectivo en *-ense*). A primeira acepción (*cortes*) puido derivar en apelido a través da toponimia.

Paula Bouzas Rosende

**Mancebo.** *Pedro Mazebo* (1262; Maia 42). Vén da forma latina MANCIPIUM 'escravo'. Na Idade Media facía referencia ó criado, ó mozo que estaba ó servizo doutra persoa.

**Romeu.** *Fernan Romeu* (1452; Guev, doc 1), *Pero Gonçalves Romeu* (1452; id.). Vén do latín ROMAEUS, derivado de Roma. Na Idade Media adquire o significado de 'peregrino a terra santa'.

As características físicas do individuo motivan un grande número de alcumes. Os que imos ver a continuación fan referencia explícita a elas:

**Belo.** *Juan Belo clérigo* (1564; Lores). A orixe desta forma estaría no adxectivo BELLUS 'agradable, con graza'.

**Calvelo.** *Fernando Calvelo* (1459; Oro87, doc 3). Esta forma ten como base o adxectivo *calvo*. Formas derivadas do adxectivo CALVUS aparecen xa como cognomes e nomes en época latina.

**Xordo.** *Roy Sordo das Marinnas* (1459; Oro87, doc 3). Significa 'que ten carencia de audición' e vén do latín SURDU.

Dentro deste grupo, aparecen os alcumes que designan cores. Normalmente, refírense á cor do cabelo ou da pel. Nos nosos documentos, atopámo-las seguintes formas:

**Pardo.** *Layn Pardo escudero* (1501; Lores), *Geronimo Pardo vezino de Cedeira* (1564; id.). O adxectivo significa 'de cor da terra' e existía como cognome en época latina (PARDUS). O alcume fai referencia á cor do cabelo ou da pel.

**Rubio.** *Juan Robeo* (1552; Oro88, doc 3). Do latín RUBEU 'roxo'. Refírense á cor da pel ou do cabelo.

Debemos ter en conta que, posiblemente, ademais dos alcumes especificados no apartado anterior, tamén aqueles que se refíren a partes do corpo teñen como motivación características físicas (tamaño ou defecto):

**Barba.** O étimo latino é BARBA. Esta forma, así coma outras derivadas desta, funcionaban xa como cognomes na época latina.

**Colmelo.** *Rui Colmelo* (1564; Lores). O seu significado é o de 'dente caniño' e vén da forma do latín vulgar COLUMELLU.

**Testa.** *Pero Testa* (1493; Oro88, doc 2). Deriva de TESTU 'testo de barro'.

Menos numeroso é o grupo de alcufas que fai referencia a características psicolóxicas:

**Alegre.** *Pedro Alegre de Avelanedo* (1262; Maia 43). Vén do latín vulgar ALECRE 'ledo, alegre'

*Sobrenomes en documentos betanceiros dos séculos XII-XVI*

**Bo.** *Françisco Boo* (1459; Oro87, doc 3). Do latín BONU.  
**Fiel.** *Alvaro Fiel* (1459; id.). Da forma latina FIDELE.  
**Salgado.** *Alonso Salgado* (1493; Oro88, doc 3). O adxectivo vén do participio do verbo SALICARE 'salgar'. A acepción coa que aparece como alcuña é posiblemente a de 'enxeñoso, agudo'.

Outro grupo importante é o que fai referencia ós animais, que, como veremos a continuación, poden responder a diferentes motivacións:

1. Atribúen ó individuo unha calidade que a comunidade identifica cun determinado animal (*rato* identifícase con graza, rapidez; *corvo* con crueldade ou seriedade; etc...).
2. Fan referencia á ocupación do individuo.

Nos nosos textos atopámo-los seguintes:

**Abellón.** *Françisco Avellon procurador general* (1552; Oro88, doc 3). Deriva de *abella* (lat. APICULA).  
**Corvo.** *Pelagius Curvus* (1138; Dav, p.100). O étimo é a forma latina CORVU. Posiblemente o alcume faga referencia á crueldade do individuo.  
**Pita.** *Alvaro Pita* (1459; Oro87, doc 3), *Fernando Pita* (1548; Vales). É a forma feminina de *pito*. PICTUS era xa empregado en latín como alcuña.  
**Ratón.** *Juan Raton procurador* (1493; Oro88, doc 2). Relaciónase xeralmente este alcume con características como 'graza, extravagancia, comicidade'.  
**Sardiña.** *Fernan Sardiña* (1467; Lucas).  
**Polo.** *Alonso Pulo escriuano* (1548; Vales).  
**Teixo.** *Pedro Teixo* (1548; id.). Vén da forma do latín TAXU 'animal plantígrado' (á súa vez do xermánico THAHSUS).

Catro formas fan referencia a elementos da vida cotiá. Recollemos neste apartado unha serie de alcuñas que fan referencia a obxectos diversos. Normalmente, estes elementos identifícanse dentro da comunidade con determinadas características psíquicas ou físicas, que a través do alcume lle son atribuídas ó individuo. Son o que denominamos referencias metafóricas.

**Fole.** *Pero Fole* (1501; Guev, doc 6). Vén de FOLLE 'bolsa de coiro'. Pode facer referencia a características físicas ('brando, mol') ou a características psíquicas que teñen que ver coa tolemia, a lixeireza.  
**Taco.** *Muniu Tacum* (1138; Dav, p.100). A forma *taco* ten o significado de 'peza que obstrúe' e probablemente fai referencia metafórica a un individuo pequeno e goso. Parece ser esta unha referencia frecuente.

Dentro deste grupo incluímos un subgrupo que é o que fai referencia a prendas de vestir. É un tema recorrente, que pode ter motivación humorística:

Paula Bouzas Rosende

**Felpeto.** *Juan Felpeto* (1564; Lores). Vén da forma *felpa* 'tipo de tecido', á cal se lle engade o sufixo *-eto*.

**Saya.** *Juan Saya* (id.). Fai referencia á prenda ampla que vestían na Idade Media tanto homes coma mulleres. Provéen do latín vulgar *SAGIA* (de *SAGUM*, -i) 'vestimenta'.

Ó mundo vexetal fai referencia o alcume *Rabiña*:

**Juan Rabinna** (1548; Vales). A orixe é dubidosa, pero parece provir da forma *RAPUM* 'nabo, tubérculo de forma alongada'.

É común que pasen a converterse en apelidos formas abstractas, que non fan referencia a entidades recoñecibles polos sentidos. Hai unha única forma nos nosos manuscritos:

**Amor.** *Garçia Amor* (1459; Oro87, doc 3). Vén directamente do latín *AMOR -ORIS*.

Unha das formas indica parentesco:

**Sobriño.** *Vasco Sobrino* (1552; Oro88, doc 3). O latín *SOBRINUS* designaba 'o fillo do curmán', pero logo adquiriu o significado propio de *NEPOS* 'fillo do irmán'. Os nomes de parentesco dentro da cadea onomástica aparecen xa na época latina. Posiblemente están motivados pola importancia social da persoa coa que está ligado o individuo; pero está non é a única explicación, posto que en orixe, podía diferenciar dous membros dunha familia co mesmo prenome e segundo nome.

Por último, hai un caso en que aparece un xentilicio. Aínda que forman parte do grupo de apelidos denominados de orixe, preferimos integralo dentro das alcufías porque, polo menos en principio, trataron de individualizar á persoa fronte ó resto da comunidade. Nos nosos textos aparece unha única forma deste tipo como segundo nome:

**Franco.** *Pedro Franco de Carrezeda* (1262; Maia 42). A palabra provén da forma latinizada *FRANCUS*. O xentilicio, en orixe, refírese ó pobo xermánico que desprazou ós galos, pero posiblemente na Idade Media *franco* designa calquera estranxeiro que proveña do outro lado dos Pirineos e mesmo de Cataluña.

## II. 2. Evolución do alcume na cadea onomástica

Os alcumes e mailos sobrenomes detoponímicos soen aparecer na cadea onomástica en terceiro lugar, posto que actúan como caracterizadores ou individualizadores cando a secuencia de *nome primeiro + patronímico* é frecuente:



*Sobrenomes en documentos betanceiros dos séculos XII-XVI*

*Lope García de Villosaz* (1548; Vales).  
*Maria Gomez Portuguesa* (id.).  
*Ynes Lopez de Bentosa* (1564; Lores).

Con todo, no século XIII atopamos cadeas nas que concorren un alcume e mais un topónimo. Nestes casos, o topónimo aparece sempre en derradeiro lugar da secuencia:

*Pedro Alegre de Avelanedo* (1262; Maia 42)  
*Pedro Franco de Carrezeda* (id.)

Pode ser isto un indicio de que a alcuña se vai afianzando como segundo nome, xa que non abonda para individualizar.

Non obstante, aínda no XIII o esperable é que apareza unha cadea formada por *nome propio + patronímico + sobrenome* (alcuña ou detoponímico). Aparecen neste período fórmulas herdadas do latín, lingua na que os sobrenomes eran introducidos pola forma *cognomento*. Este tipo de fórmulas orixinan outras formadas a partir de voces derivadas do verbo DICERE, que aparecen no XI e son especialmente frecuentes no XIII. Deste século precisamente son os exemplos que atopamos no noso *corpus*:

*Pedro Perez dito Bofom* (1262; Maia 43).  
*Johan Perez dito Gallo notario del rey* (1262; Maia 42).

No século XV é cando se aprecia nos nosos textos a forte evolución do alcume como segundo elemento da cadea onomástica:

*Roy Ferreiro* (1452; Guev, doc 1).  
*Françisco Boo* (1459; Oro87, doc 3).  
*Afonso Escudeiro de Fians* (1459; Oro87, doc 3).  
*Pero Testa* (1493; Oro88, doc 2).

Mentres que no século XIII, os alcumes aparecían repartidos entre a 2ª e 3ª posición da cadea, no XV ocupan maioritariamente a 2ª, desprazando o patronímico. O cadro seguinte presenta a distribución dos alcumes nestes séculos:

	2º lugar da cadea (nº de casos)	3º lugar da cadea (nº de casos)
séc. XIII	4	3
séc. XV	21	5'

Ademais hai casos nos que a alcuña actúa xa claramente como apelido. A consolidación do alcume como segundo nome pode apreciarse nos casos de formas que proviñen de profesións e que se lle atribúen a individuos cunha profesión ben diferente:

Paula Bouzas Rosende

---

*Lope Celano carniçero* (1493; Oro88, doc 2).

Nalgúns casos existe alternancia na designación do mesmo individuo: o alcume pode aparecer ou non. Pero cando efectivamente aparece semella ter preferencia sobre o patronímico (que, de ser frecuente, acaba desaparecendo da cadea):

*Affonso Garçia / Affonso Escudeiro Garçia* (1459; Oro87, doc 3).

No século XVI mantense a porcentaxe de casos que se daba nos documentos do XV: 33 cadeas presentan o alcume en segundo lugar, mentres que unicamente 6 o presentan en terceiro.

Ademais, nos documentos deste século aparecen os primeiros exemplos en que a alcuña indica relación familiar (a alcuña faise hereditaria e deixa de ser propiamente alcuña para converterse en apelido). Por exemplo, nos nosos documentos parecen catro individuos co sobrenome *Barba*, os cales teñen entre si relación de parentesco: *Gonçalo Barba de Figueroa* (1548; Vales), *Diego Ares Barba* (id.), *Antonio Barba* (id.), *Maria Barba* (id.). Os dous primeiros son irmáns; Antonio e María Barba son, así mesmo, irmáns e fillos de Diego Ares Barba. Con todo, non sempre os individuos emparentados comparten a alcuña:

*Jº Freire de Lanços* [irmán de Alonso de Lanços] (1564; Lores).

*Juan Pardo* [irmán de Cristobal de Andrade] (id.).

*Fernando Pita* [fijo de Alonso Vazquez de Roucos] (1548; Vales).

Xunto a casos que indican relación familiar, aparece nos documentos deste século algún exemplo de alcuña individualizadora en segundo lugar:

*Aldonça Cordera vezina de Figueroa* (1564; Lores).

A flexión de xénero indica o seu carácter aínda individualizador, aínda que ó aparecer en segundo lugar ten relevancia na cadea onomástica e, polo tanto, na designación do individuo.

Como vemos, nos nosos textos non se percibe unha evolución lineal dos sobrenomes. No século XVI, moitos deixan de ser individualizadores propiamente ditos para converterense en marca de familia, mentres que outros seguen funcionando como recursos da comunidade para caracteriza-lo individuo.

*Sobrenomes en documentos betanceiros dos séculos XII-XVI*

## BIBLIOGRAFÍA

## 1. Fontes

Davíña Sáinz (1999): «Tumbo de las Cascas (I)», *Anuario Brigantino* 1998, Concello de Betanzos, pp. 77-103.

García Oro, José (1987): «San Salvador de Cecebre: ¿un coto de Betanzos? Un episodio de la confrontación entre Betanzos y sus "caballeros"», *Anuario Brigantino* 1986. Concello de Betanzos.

García Oro, José (1988): «Ordenanzas Municipales de Betanzos de los siglos XV y XVI. Estudio y edición diplomática», *Anuario Brigantino* 1987, Concello de Betanzos.

Lucas Álvarez, M.; M<sup>a</sup> José Justo Martín (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago: Consello da Cultura Galega. Doc. 339.

Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*. Coimbra: INIC. Doc. 42, 43, 44, 45.

Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (1987): «Documentos Medievales (I): Los Pardo de Cela del siglo XV», *Anuario Brigantino* 1986, Concello de Betanzos, pp. 26-30.

Vaamonde Lores, César (1931): «Testamento de Juana Díez de Lemos por el que funda una obra pía para casar doncellas vecinas de la ciudad de Betanzos y sus arrabales (1564)», *Boletín de la Academia Gallega: Colección de documentos históricos*, RAG, pp. 310-325.

Vales Villamarín, F. (1952): «Copia del testamento de Fernán Reimóndez de Figueroa, regidor de la ciudad de Betanzos» en «Colección de documentos brigantinos: IX (1548)», *Anuario Brigantino* 1951, Concello de Betanzos.

## 2. Obras de consulta

Boullón Agrelo, Ana (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*, Niemeyer, Tübingen (= Patronymica Romanica 12).

Carreras y Candi, F. (dir.) (1980 [1936]): *Geografía general del Reino de Galicia*. Ediciones Gallegas. A Coruña.

Kremer, Dieter: «Bemerkungen zu den mittelalterlichen hispanischen cognomina I-VII» en *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte*. Band 1970/71/72/74/76/80/80/81. Münster: Aschendorffsche Verlagsbuchhandlung.

Rivas Quintas, Elixio (1991): *Onomástica persoal do noroeste hispano*. Lugo. Alvarellos.

Paula Bouzas Rosende

---

#### NOTAS

1. Nun dos documentos do século XII (1138; Daviña) aparece a cadea *Adefonsus Ares*. *Ares* segue aparecendo sistematicamente nos documentos posteriores sen preposición (6 casos). Trátase dunha forma de orixe dubidosa, pero inclinámonos a pensar que quizais estas formas non fan referencia ó topónimo, senón que son patronímicos que proveñen do nome propio *Arias*, *Arie*.
2. Hai que ter en conta que en dous dos casos o alcume fai referencia á profesión, polo que é difícil saber se se trata realmente dun alcume ou se a forma ten carácter informativo dentro da cadea onomástica: *Lopo de Vilamide escudeiro* (1467; Lucas); *Roy García çapatero* (1459; Oro87, doc 3).